



educadores y educadoras
para una ciudadanía global
educadors i educadores
per a una ciutadania global
educadores e educadoras
para unha cidadanía global
hiritartasun globalerako
hezitzaileak

A educación é unha estratexia imprescindible para impulsar un modelo social, político e económico respectuoso con todas as persoas, en que a cidadanía sexamos conscientes da nosa pertenza a unha comunidade local e global e nos comprometamos activamente na construción dun mundo máis xusto e sustentábel.

Os e as educadoras somos axentes de mudanza que podemos impulsar esta transformación social nas nosas aulas, nos nosos centros e no noso contorno. Na Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global, apostamos polos centros educativos transformadores en que se xeran procesos innovadores que transcenden a visión puramente instrumental da educación.

EDUCAR PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL



INFÓRMATE DO QUE FACEMOS E PARTICIPA



Sedes territoriais:

A Coruña: 981.21.33.63
Barcelona: 93.482.07.00
Bilbao: 94.416.00.00
Madrid: 91.548.04.58
Pamplona: 948.261.603
Sevilla: 95.421.20.20
Valencia: 96.352.41.93
Zaragoza: 976.22.05.22



educacion@oxfamintermon.org



Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global:
CiudadaniaGlobal.org



Movemento pola educación transformadora e pola cidadanía global:
EducacionTransformadoraGlobal.org



Oxfam Intermón:
OxfamIntermon.org



Facebook: Educar para unha cidadanía global



Grupo Facebook:
Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global



Inscríbete no noso boletín de noticias:
OxfamIntermon.org/educar/formulario

Fomentar o respecto e a valorización da diversidade como fonte de enriquecemento humano, a consciencia ambiental e o consumo responsable, o respecto polos dereitos humanos individuais e sociais, a igualdade de xénero, a valorización do diálogo como ferramenta para a resolución pacífica dos conflitos e a participación democrática, a corresponsabilidade e o compromiso na construción dunha sociedade xusta, equitativa e solidaria.

DESIGUALDADE

O desafío da Humanidade para o século XXI consiste en erradicar a pobreza e atinxir a prosperidade para todas as persoas, en equilibrio cos recursos naturais limitados do planeta.

As profundas desigualdades en materia de ingresos, xénero e poder, fan que millóns de persoas vivan discriminadas económica e socialmente. Case 900 millón de persoas sofren fame; 1.400 millóns viven con menos de 1,25 dólares ao día e 2.700 millóns non dispoñen de instalacións para cociñar en condicións hixiénicas.

Conseguir que vivamos nun espazo seguro e xusto para a Humanidade é un desafío complexo, debido a que os límites sociais e os límites medioambientais son interdependentes. A tensión ambiental pode agravar a pobreza e viceversa. Por este motivo, necesitamos unhas políticas ben deseñadas e uns novos hábitos de consumo e produción para atinxir un desenvolvemento sustentábel e inclusivo.

Na web www.OxfamIntermon.org/desigualdad encontrarás relatorios, campañas e outros recursos sobre este tema.

oxfamintermon.org/desigualdad



PRIMARIA E SECUNDARIA

Inclúe guía APS para o traballo no ambiente

GET IN THE LOOP: PARA UN FUTURO EN EQUILIBRIO

Que relación existe entre a xustiza social e a ambiental? Todas as persoas gozan dos mesmos dereitos? Como podemos conseguir un modelo de desenvolvemento sustentábel?

Estas son algunhas das cuestións que o alumnado se formulará a través de diversas **actividades de reflexión, investigación e debate**, na próxima edición de Conectando mundos. As actividades pecharanse coa participación nunha acción de mobilización global para a defensa dun modelo de desenvolvemento sustentábel e inclusivo que teña en consideración a **interconexión entre a xustiza social e a ambiental**.

Conectando mundos é un proxecto educativo internacional online de **9 semanas de actividade cooperativa na sala de aula e de intercambio** con estudantes de diferentes realidades sociais, culturais e xeográficas, con os cales se interactúa a través dunha plataforma online en oito idiomas.

Recursos para o profesorado: ofrécese un curso online sobre a temática e sobre a Educación para a cidadanía global, guías didácticas e orientacións para realizar un proceso de **Aprendizaxe e Servizo (ApS)** no cal o alumnado aprenda traballando sobre as necesidades reais do ambiente co obxectivo de melloralo.



INSCRICIÓNS

DO 15 XUÑO 2019 ATÉ O 27 DE XANEIRO 2020

FORMACIÓN ONLINE PARA O PROFESORADO

Do 1 decembro 2019 ao 24 xaneiro 2020

- Visualización da proposta didáctica
- Guías didácticas e guía APS
- Formación do profesorado, foro e resolución de dúbidas

ACTIVIDADE PARA O ALUMNADO

Do 27 xaneiro ao 27 marzo 2020

- Proposta didáctica para cada ciclo
- Ferramentas de comunicación

ACCIÓNS DE MOBILIZACIÓN

22 abril 2020 Día da Terra

- Iniciativas estudantis no cadro dunha mobilización global

www.conectandomundos.org/gl/



www.kaidara.org

Web de recursos, experiencias educativas, libros e artigos de descarga gratuíta. Todos os materiais para a aula están dispoñíbeis en castelán, catalán, vasco e galego.

PRIMARIA E SECUNDARIA



Colección de propostas didácticas online, cada número consta dun caderno para estudantes e dunha guía para o profesorado con recursos de ampliación.

Equidade de xénero
Migración e refuxio
Educación para a paz
Dereitos sociais



www.kaidara.org/gl/recursos-online/

SECUNDARIA



Colección para secundaria que aborda temas de actualidade a partir da súa abordaxe global-local. Cada número conta cun dossier informativo sobre a temática e cun caderno de actividades.

Fiscalidade
Dereitos sociais
Consumo responsábel
- alimentos



www.kaidara.org/gl/globalexpress

INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA

EXPERIENCIAS EDUCATIVAS E COLECCIÓN CIDADANÍA GLOBAL



Libros para profundar nos fundamentos da Educación para a cidadanía global e experiencias educativas levadas a cabo polas persoas que fan parte da *Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global*.

www.kaidara.org/gl/experienciaeducativa
www.kaidara.org/gl/ciudadaniaglobal

REDE DE EDUCADORES E EDUCADORAS PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL

educadores y educadoras para una ciudadanía global
educadors i educadores per a una ciutadania global
educadores e educadoras para unha cidadanía global
hiritartasun globalerako hezitzaileak

Podes participar nos grupos de traballo da Rede: espazos abertos de encontro e traballo cooperativo en que participan educadores e educadoras comprometidas coa construción dunha cidadanía global.

www.CiudadaníaGlobal.org